



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tf: 981 81 04 51
Fax: 881 249 391

BASES DO SERVIZO “ CONCILIA VERÁN 2026”

Artigo 1. O programa CONCILIA VERÁN 2026 é unha oferta lúdica e educativa. Este servizo ten como obxectivos primordiais: desenvolver un programa educativo para menores de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos en período estival, á par que ofertar un servizo de conciliación da vida familiar, laboral e persoal para as familias deses menores.

Artigo 2. O servizo está dirixido aos nenos e nenas con idade comprendidas entre os 3 e 16 anos de idade empadroados eles, así como os seus pais, titores ou acolledores, no Concello de Padrón.

Artigo 3. Os usuarios e usuarias que se matriculen neste servizo poderán facelo por tramos de tempo, en quendas.

O **custe da actividade** será:

1ª Quenda (do 1 ao 15 de xullo): 60 €

2ª Quenda (do 16 ao 31 de xullo): 60 €

3ª Quenda (do 1 ata o 14 de agosto): 60 €

Os/as usuarios/as admitidos/as no programa deberán practicar o correspondente depósito previo ao inicio da actividade, ingresando a cantidade correspondente en concepto de matrícula, de acordo cas contías previstas no parágrafo anterior, na conta deste Concello na Entidade Bancaria CaixaBank:

IBAN ES56 2100 2820 3202 0000 2727

O ingreso farase do 1 ao 3 de xuño, e para facer efectiva a matrícula será necesario a entrega da copia do ingreso bancario no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Padrón contando como data límite o mércores 3 de xuño ás 12:00 horas.

Artigo 4. O servizo desenvolverase dende o 1 de xullo ata o 14 de agosto, de luns a venres excepto festivos.

Artigo 5. O horario do servizo será de 7:45 a 15.15 horas comprendendo os seguintes tramos:

- De 07.45 - 9.30: Recepción dos rapaces.
- De 10.00 -14.00: Desenvolveranse as actividades programadas.
- De 14.00 -15.15: Despedida dos rapaces. A excepción dos días de excursión, que o horario poderíase prolongar ata a tarde.

Os nenos e nenas deberán ser levados á actividade antes das 10.00 e recollidos antes das 15.15h.

Artigo 6. O número de prazas que se ofertan son 55 nas 2 quendas de xullo e 15 prazas na quenda de agosto. No caso de haber máis solicitudes que prazas, realizarase a integración dos/as menores no servizo

seguindo a orde de puntuación acadada trala baremación. En caso de producirse empate, unha vez aplicados os criterios da Baremación recollidos no Anexo I, terase en conta a orde de rexistro de entrada no Concello de Padrón.

Artigo 7. Os criterios de selección faranse en base á situación de ocupación dos pais e/ou titores e á situación familiar que se puntuará como se indica no Anexo I destas bases.

A comisión de baremación estará composta por :

- 1- Alcalde ou Concelleiro/a, en calidade de presidente.
- 2- Un/unha técnico de servizos sociais, en calidade de secretaria.
- 3- Un/unha técnico de servizos sociais, en calidade de vogal.

A comisión de baremación elaborará acta, onde quedará recollida a lista provisional, coa puntuación acadada.

Artigo 8. A formalización da solicitude realizarase cubrindo a ficha de inscrición que será facilitada nas dependencias dos Servizos Sociais (Praza Manuel Rodríguez Cobián, Padrón), e aportando a documentación que se require no Anexo II.

Ábrese o prazo de inscrición do 4 ao 11 de maio. (Ámbolos dous días incluídos).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral ou Rexistro de Servizos Sociais ou por sede electrónica.

No caso de haber máis demanda que número de prazas dispoñibles, establecerase o seguinte procedemento:

- Publicación da lista provisional de admitidos/as nos taboleiros do concello e nas dependencias dos servizos sociais ó 15 de maio, dando un prazo de 10 días naturais, para presentar as reclamacións.
- Publicación da lista DEFINITIVA de admitidos/as no programa CONCILIA VERÁN 2026 ó 26 de maio.

Artigo 9. No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, unha vez elaborada a listaxe definitiva dos/as admitidos/as, confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos/as, que seguirá a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección dos/as admitidos/as.

Os nenos/as irán entrando no servizo seguindo estritamente na orde na que figuren na lista correspondente e en función das baixas que se produzan na actividade.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 881 249 391

CONCILIA VERÁN 2026

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOTA IMPORTANTE:

- Unha SOLICITUDE POR PARTICIPANTE

- Cubrir todo en MAIÚSCULAS (incluso o correo electrónico). NON deixar nada sen cubrir, no caso de non ter algo débese poñer NON TEN.

- Toda a documentación que non sexa presentada ca inscrición non será tida en conta na baremación, así como os recadros non cubertos correctamente.

Nome e Apelidos:	
Enderezo:	
Data de nacemento:	Teléfono principal para avisos:

DATOS DO REPRESENTANTE (PAI/NAI/TITOR/ACOLLEDOR) DO NENO/A	
Nome e Apelidos :	
DNI/NIE:	
Correo electrónico	
Teléfono principal para avisos:	
AUTORIZACIÓN	AUTORIZO ao meu fillo/a a asistir á actividade que se indica nesta solicitude e ACEPTO as bases que rexen Concilia VERÁN 2026 da Concellería de Servizos Sociais.

Padrón,dede 2026

Asdo.:

INTOLERANCIAS E ALERXIAS	
INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS	
ALERXIAS	

OUTRAS	

AUTORIZACIÓN DE CAPTACIÓN DE IMAXES No programa CONCILIA VERÁN 2026.	
<input type="checkbox"/> AUTORIZO	<input type="checkbox"/> NON AUTORIZO

PERMISOS ESPECÍFICOS

<input type="checkbox"/> Autorizo a _____, con DNI _____, a recoller o/a neno/a na actividade.

TELÉFONOS de avisos en caso de **URXENCIAS:**

Nome:	Nome:	Nome:
Tel:	Tel:	Tel:

Padrón,dede 2026

Asdo.:

ANEXO I
SITUACIÓN DE OCUPACIÓN E FAMILIAR

Nº de membros da Unidade Familiar	Nº:	
Todos os membros empadroados no Concello de Padrón:	SI	NON

Situación de ocupación laboral dos proxenitores:

Acreditación da ocupación laboral	PAI	SI	NAI	SI
		NON		NON

Acreditación de Familia Monoparental	SI	NON
Acreditación de Familia Numerosa	SI	NON
Acreditación de acollemento familiar	SI	NON



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tf: 981 81 04 51
Fax: 881 249 391

Acreditación de ter algún familiar de convivencia con discapacidade ou dependencia	SI	NON
En caso afirmativo indicar quen:		

Acreditación de ser Muller vítima de violencia de xénero	SI	NON
--	----	-----

Acreditación de ser Familia en risco de exclusión social (Informe Servizos Sociais ou acreditación de familia refuxiada)	SI	NON
--	----	-----

Indicador para datos estatísticos: Nai con idade superior a 45 anos	SI	NON
---	----	-----

En Padrón, a _____ de _____ do 2026

Asdo. _____

OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS DATOS NO MOMENTO DA INSCRICIÓN

Anexo II

BAREMO

Obxecto: Baremar os requisitos que deben reunir as familias beneficiarias do Programa “**CONCILIA VERÁN 2026**” da Concellería de Servizos Sociais, que porá en marcha un servizo de atención as familias con menores a cargo, entre 3 e 16 anos, de luns a venres do 1 de xullo ata o 14 de agosto en horario de 07:45 a 15:15 h.

Criterios:

- Unidades familiares, nas que todos os seus membros estean empadroados no concello de Padrón: **5 puntos**
- Se algún membro non está empadroadado non se puntuará.
- En caso de menores onde haxa establecidas medidas reguladoras das obrigas paterno filiais puntuarase con cinco puntos tendo en conta a situación familiar de convivencia na quenda solicitada.(Deben estar empadroados o proxenitor/a que nesa quenda teña a garda para puntuar 5 puntos, no caso de non estar empadroadado/a a puntuación será 0)
- Priorizaranse aquelas familias nas que traballen ou estean incluídos nalgún itinerario de inserción laboral ámbolos dous proxenitores, e as familias

monoparentais na mesma situación: **5 puntos**

- Por ser familia numerosa: **2 puntos** (documento acreditativo)
- Familias monoparentais: **2 puntos** (certificado de familia monoparental en vigor)
- Unidade familiar e de convivencia nos que ademais figuren persoas dependentes, ou con discapacidade, recoñecida polos órganos correspondentes: **2 puntos**. Independentemente do número de persoa da unidade familiar con dependencia ou grao de discapacidade recoñecido.
- As familias nas que traballe só un dos proxenitores: **1 punto**
- Familias que acrediten acollemento familiar (segundo resolución da Administración correspondente): **2 puntos**
- Muller vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres (debe presentar documentación acreditativa):**1 punto**
- Familia en risco de exclusión social (debe acreditar dita circunstancia mediante informe emitido por Servizos Sociais Comunitarios): **1 punto**
- Situación económica: En base á Renta per Cápita (RPC) mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (ingresos do ano 2024):
 - a. Inferior ao 50% do IPREM : 2 puntos.
 - b. Entre o 50% e inferior ao 100% do IPREM : 1 puntos.
 - c. Igual ou superior ao 100% do IPREM: 0 puntos.

-Os ingresos da Unidade Familiar a ter en conta para o cálculo da RPC o constituirá a suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas. No caso de persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables obteranse dos datos que aporten os certificados da A.E.A.T (ano 2024).

En caso de que as familias solicitantes non presenten documentación acreditativa (declaración da Renta ou certificados da AEAT) se aplicará 0 puntos na capacidade económica.

- No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, unha vez elaborada a listaxe definitiva dos/as admitidos/as, confeccionarase unha listaxe de agarda, que seguirá a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección dos/as admitidos/as.

- **En caso de producirse empate, unha vez aplicados os criterios da Baremación recollidos neste Anexo, terase en conta a orde de rexistro de entrada no Concello de Padrón, en Sede electrónica ou no rexistro de Servizos Sociais.**



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tf: 981 81 04 51
Fax: 881 249 391

CONCILIA VERÁN 2026

INFORMACIÓN e DOCUMENTACIÓN

INSCRICIÓNS:

Do 4 ao 11 de maio do 2026, por Rexistro de Entrada no Concello, Rexistro de Servizos Sociais ou na sede electrónica.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- Solicitude de Inscripción (modelo específico “CONCILIA VERÁN 2026”)
- Anexo I
- Fotocopia do Libro de Familia e do Título de Familia Numerosa, de ser o caso.
- Certificado de empadramento, só no caso de que todos ou algún dos membros da unidade familiar estea empadroados fora do Concello de Padrón.
- Documento que xustifique a situación de ocupación.
- Familia monoparental: documento acreditativo en vigor.
- Familia numerosa: documento acreditativo en vigor.
- Discapacidade ou dependencia dalgún membro da familia que forme parte da unidade de convivencia: documento acreditativo en vigor.
- Acreditación de menor acollido, se fose o caso.
- Documento acreditativo das medidas reguladoras das paternofiliais, se fose o caso.
- Documento acreditativo de situación en risco de exclusión social (informe emitido por Servizos Sociais Comunitarios).
- Documentación acreditativa de muller vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres.
- Acreditación da capacidade económica: Presentación da Declaración da Renda correspondente ao ano 2024 e no caso de persoas non obrigadas certificado emitido pola AEAT.

En caso de que as familias solicitantes non presenten documentación acreditativa (declaración da Renda 2024 ou certificados da AEAT 2024) a puntuación da capacidade económica, será de 0 puntos.

- A renda per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2024
 - 1º. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
 - 2º. Deste resultado restarase a cota líquida.
- Segundo isto, a renda familiar para os efectos é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF: $\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595}$
- O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

PRAZAS:

- **1ª QUENDA:** 55 Prazas (60€)
- **2ª QUENDA:** 55 Prazas (60€)
- **3ª QUENDA:** 15 Prazas (60€)

• **NO CASO DE SER ADMITIDO/A REALIZAR O INGRESO DA COTA DO 1 AO 3 DE XUÑO ÁS 12:00 E PRESENTAR XUSTIFICANTE DE PAGO EN SERVIZOS SOCIAIS:**

- **Nº DE CONTA: CaixaBank ES56 2100 2820 3202 0000 2727**